



Prezadas familias.

Igual que en anos anteriores, o centro participa (conxuntamente con outros centros da cidade) nun programa de divulgación e posta en valor dos entroidos tradicionais de Galicia. Este ano o personaxe escollido é o CHOCALLEIRO/A DE VILARDEVÓS.

O traxe ten varios elementos:

- Pantalón e camisa (ou camiseta) brancos.
- Cinto para amarrar as chocas.
- Faixa vermella
- Gravata vermella
- Pano branco con cintas de cores.
- Botas negras con cubertas negras.
- Pantalla

As pantallas elaboraranse na aula, haberá cursos que leven carautas e outros non. Nas aulas de educación infantil organizaranse obradoiros con participación das familias.

O recorte da tea e pegado das cintas farase na aula. O colexio aportará a tea para facer o pano e as cintas de raso.

As chocas faranse na aula. Para elaboralas usaremos elementos de refugallo: pequenos envases de iogures bebibles, ou calquera outro elemento que poidamos usar para facer ruído.

As familias deberán encargarse de:

- Roupa branca (pantalón e camisa ou camiseta).
- Calzado: as cubertas negras pódense substituír por calcetíns altos, ou facelas con cartolina.
- Gravata (opcional).
- Faixa.
- Carauta (só nos cursos nos que o alumnado a leve).